

AS NOSAS COLECCIÓN



Colección de préstamo

Situada na planta baixa da biblioteca está formada por todo tipo de materiais bibliográficos (libros, películas, CDs musicais, discos Blu-Ray, etc.), está organizada por materias, os documentos están en libre acceso e dispoñibles para o seu préstamo a domicilio.

Documentos de consulta en sala

Na sala de lectura, situada no 1º andar da biblioteca, atópanse as obras de consulta e referencia. Estas conteñen información puntual de tipo xeral e especializada clasificada por materias, son obras básicas e de consulta rápida.

A meirande parte das obras atópanse nos andeis da propia sala en acceso directo, é dicir, que podemos consultalas directamente.

Estas obras non se prestan, só poden ser consultadas na propia sala, polo que para facer uso destes fondos non é necesario ser socio da biblioteca.

Podemos atopar:

Dicionarios e enciclopedias que conteñen información xeral e especializada de todas as materias.

Manuais, bibliografías, anuarios, directorios e outras obras de consulta.

Sección Infantil - Xuvenil

Sala especializada en nenos e nenas menores de 14 anos situada no semisoto da biblioteca. Dispón dun completo fondo onde atopar información xeral e especializada axeitada as súas necesidades. Conta cunha sección especial adicada a nenos de 0 a 3 anos, a Bebeteca.

A colección divídese en:

Obras de consulta e referencia, que só se poden consultar na sala.

Obras de préstamo a domicilio.

Publicacións periódicas.

Audiovisuais (DVDs, CDs, Audiolibros, etc.).

Esta sala ofrece servizo de Internet e xogos interactivos.

Os nenos menores de 6 anos deberán estar sempre acompañados dun adulto.

Hemeroteca

Nesta sala, situada no 1º andar da biblioteca, pódese consultar:

Prensa

Local, rexional e nacional

Extranxeira

Especializada

Revistas

Xerais

Especializada

Temas locais

Recursos electrónicos

Boletíns oficiais

Revistas electrónicas

Obras de fondo antigo (anteriores ao ano 1958)

Obras de Depósito Legal (D.L.)

Audiovisuais

A Sección de Audiovisuais está situada na planta baixa da biblioteca e conta cunha colección de vídeos, DVD e CDs que poden consultarse na propia Biblioteca ou levarse en préstamo a domicilio.

Fondo Local (Fondo Vigo)

A colección Fondo Local reúne toda a información que ten a Biblioteca sobre Vigo.


Está formada por libros, revistas, audiovisuais (películas, música, etc.), mapas, libros en braille e todo tipo de materiais, de adultos e infantil.

O Fondo Local procedente do Depósito Legal é de consulta en sala e pódese solicitar en hemeroteca.


A Colección Fondo Vigo (FV) contén algúns exemplares prestables a domicilio .

Comicteca


A Comicteca, situada na planta baixa, está formada por cómics de tódolos xéneros (aventuras, novela gráfica, humor, fantasía, superheroes, ciencia ficción, etc.) e procedencias. Ten unha presenza especial o cómic galego, aínda que tamén temos coleccións de cómic español, europeo, hispanoamericano, americano e manga xaponés.



Hemeroteca



Comicteca



Fonoteca



Sala Infantil-Xuvenil